

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DE MAIO DE 2022**

**EXPEDIENTE GD: 5454/2022**

### ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (Pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

**Primeiro.** Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro martes 31 de maio de 2022<sup>1</sup>, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa seguinte orde do día.

### ORDE DO DÍA:

#### A) PARA DAR CONTA:

**Punto primeiro.** Dar conta ao pleno da corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

**Punto segundo.** Dación de conta do decreto de liquidación exercicio 2021.

**Punto terceiro.** Dación de conta da información periódica a render ao Pleno, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2022.

1º Execución do orzamento ao remate do 1º trimestre 2022, en execución do acordo plenario de data 22.11.2018.

2º Período medio de pago, de acordo co previsto no Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo.

3º Información trimestral de morosidade.

#### B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

**Punto cuarto.** Aprobación, se procede, de actas anteriores (sesión ordinaria de 28.04.2022).

**Punto quinto.** Aprobación do proxecto modificado das obras de reforma de vestiarios do campo de fútbol de Bertamiráns (Ames). POS + 2020.

**Punto sexto.** Aprobación do Plan director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre.

**Punto sétimo.** Aprobación inicial da modificación da Ordenanza núm. 5 reguladora do prezo público pola prestación do servizo das Escolas Infantís municipais do Concello de Ames.

**Punto oitavo.** Alteración da cualificación xurídica dunha superficie de terreo de 327 metros cadrados no cemiterio parroquial de Biduído (Ames).

**Punto noveno.** Undécima modificación puntual da Relación de Postos de Trballo (RPT) do Concello de Ames.

**Punto décimo.** Aprobación do Plan de Medidas Antifraude do Concello de Ames.

**Punto décimo primeiro.** Aprobación suplemento de crédito 1/2022.

**C) MOCIÓN:**

**D) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

**Punto décimo segundo.** Rogos e preguntas.

**Segundo.** Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

**Terceiro.** Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo

---

<sup>1</sup> tal e como foi acordado na Xunta de Voceiros do día 13.05.2022 dado que o xoves 26 ( día no que correspondería pleno ordinario) é festivo local ( Ascensión)